



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 5 de outubro de 2017
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 14.45 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral

AUSENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Designar festivos locais 2018**
- 3. Requirimento de corta de arboredo no lugar de Lamas – Sergude**
- 4. Reclamación contía por danos ocasionados en farol público roto en Rodiño – Sergude**
- 5. Solicitud subvención para financiar a prórroga da contratación dun (1) axente de emprego e desenvolvemento local.**
- 6. Aprobación organización e bases “VI Ruta das Tapas Boqueixón 2017”**
- 7. Solicitud axuda para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) Ano 2017**
- 8. Concesión axuda económica á APA O Forte**
- 9. Aprobación da certificación número 1 e final do proxecto Rúa Hixinio Ansemil de Avda. Pico Sacro á travesía Milleirós e outra.**
- 10. Devolución de aval**
- 11. Prórroga contrato do mantemento de alumado público**
- 12. Aprobación de facturas**

- 13. Baixa no programa de alimentos derivado do convenio coa fundación “Amigos de Galicia”**
- 14. Aprobación certificación nº 1 e final do proxecto “aforro enerxético e sistema control ETAP Pontillón e outros”**
- 15. Licenzas urbanísticas**
- 16. Altas en abastecemento / saneamento**
- 17. Renovación de autorización de postos de venda ambulante da feira-mercado de Lestedo**
- 18. Adquisición parcela número 260 situada no Pico Sacro**
- 19. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de setembro do 2017.

2.Designar festivos locais 2018

Con data 14 de setembro do 2017 , rexistro de entrada nº 17/2077, recíbese no concello o escrito da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xefatura Territorial da Coruña, polo que se solicita ao Concello de Boqueixón que designe os dous días de festa local no concello para o ano 2018.

No presente ano 2017 establecéronse como festivos locais o martes de entroido (28 de febreiro) e o 25 de maio (Ascensión).

A Xunta de Goberno acorda:

- 1. Designar festivos locais para o ano 2018:**
 - 22 de xaneiro (San Vicente de Boqueixón)
 - 10 de maio (A Ascensión)

- 2. Ratificar no vindeiro pleno**

3.Requirimento de corta de arboredo no lugar de Lamas – Sergude

ANTECEDENTES

Con data 26 de setembro do 2017, no número de rexistro de entrada 2017/2166, dona Digna xxxxx, presenta escrito no concello de Boqueixón, sinalando que preto da súa vivenda existe unha leira dedicada a monte (parcela nº 24, polígono 505) con arboredo a menos de 30 metros de distancia e que existe risco de incendio.

Solicita a súa corta de acordo coa normativa da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da leira con abundante arboredo, figurando como titulares da leira número 24, polígono 505, don Domingo xxxxx e don Ramón M^a e Pablo xxxxx.

Según informe do técnico municipal de data 29 de setembro do 2017, sinalase que “*Feita inspección técnica no lugar de Lamas xxxxx - Sergude, compróbase que preto da vivenda de dona Digna xxxxx existe unha parcela (número 24, polígono 505), “Coto”, dedicada a monte.*

Está con abundante arboredo.

Desde o tronco do pé máis próximo á vivenda existe unha distancia de 19,50 metros.

Non se cumpre co establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que **en canto ás demais especies arbóreas**, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) **como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I**, deberán gardar unha distancia de 10 metros ata o 17 de agosto de 2014. A partires desta data esta

distancia terá que adecuarse aos 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir os propietarios da leira número 24, polígono 505, don Domingo xxxxx e don Ramón Mª e Pablo xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de arboredo, ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais respecto da vivenda de dona Digna xxxxx.
2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.
4. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

4.Reclamación contía por danos ocasionados en farol público roto en Rodiño – Sergude

Con data 25 de agosto do 2017 o vehículo-furgoneta, marca CITROEN, modelo Berlingo HDI matrícula xxxxx, impactou contra un farol público na travesía de Rodiño - Sergude, destrozando o mesmo.

O vehículo-furgoneta está asegurado na compañía de seguros Allianz Seguros e Reaseguros SA.

Consta no expediente reportaxe fotográfica do farol destrozado o 25 de agosto do 2017 e presuposto número 701, de data 19/09/2017, realizado pola empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do concello de Boqueixón, que reflicte o custo de reposición do punto de luz completo na travesía de Rodiño – Sergude.

Ascenden os traballos de reposición do farol roto a un custo total (con IVE engadido) de 1.602,46 €.

Consideracións xurídicas

-O artigo 2.2 do RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais sinala que “ Os bens de dominio público serán de uso ou de servizo público”.

-O artigo 4 do citado regulamento sinala que "Son bens de uso público os destinados directamente ao cumprimento dos fins públicos de responsabilidade das entidades

locais...e en xeral, calesquera outros bens directamente destinados á prestación de servizos públicos ou administrativos.

-O artigo 9.2 do citado regulamento sinala que “As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”.

-O artigo 44.2 do citado regulamento establece que para a defensa do seu patrimonio e para asegurar a axeitada utilización deste, as corporacións locais poden establecer e impoñer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

-Téndose acreditado mediante reportaxe fotográfica os danos ocasionados no farol ornamental roto, no lugar de travesía de Rodiño - Sergude, o día 25 de agosto do 2017, polo vehículo-furgoneta, propiedade de MIBASA (Minas de Bandeira SA) e téndose presuposto de reposición, número 701, de data 19-09-2017, concepto “reposición de punto de luz completo na travesía de Rodiño - Sergude” por importe total de 1.602,46 € (IVE engadido), a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a valoración da reposición do farol roto no lugar de na travesía de Rodiño - Sergude , o 25 de agosto do 2017, por importe total de **1.602,46 €**(IVE engadido).

2. Comunicar á compañía Allianz Seguros e Reaseguros SA e ó propietario do vehículo-furgoneta, marca Citroen, modelo Berlingo HDI, matrícula xxxxx, Minas de Bandeira SA, que ou ben o propietario do vehículo ou ben a compañía de seguros, deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo dos traballos de reposición do farol público, destrozado na travesía de Rodiño - Sergude, por importe total de **1.602,46 €**(IVE engadido). (Número de conta: xxxxx – Abanca).

3. Darlle trámite de audiencia á compañía Allianz Seguros e Reaseguros SA e ó propietario do vehículo-furgoneta, marca Citroen, modelo Berlingo HDI, matrícula 6356 CNS, Minas de Bandeira SA, para que no prazo de 10 días poidan presentar alegacións ou documentación oportuna.

5.Solicitud de subvención para financiar a prórroga da contratación dun (1) axente de emprego e desenvolvemento local.

No DOG. Núm. 183 do 26 de setembro de 2017, foi publicada a ORDE do 11 de setembro de 2017 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2017.

Tal como se establece no artigo 4, punto 1b) a contía máxima da subvención que se concede para cada axente de emprego é o 25% dos custos salariais incluída a cotización á seguridade social.

O restante 75% do custo salarial corresponderalle ó Concello de Boqueixón asumilo. A presente Orde de convocatoria, tal e como establece o artigo 4, punto 2, a subvención concederáse por un período dun ano e será incompatible con outras subvencións ou axudas públicas, con independencia do seu importe, para a mesma finalidade, se proceden de fondos de políticas activas de emprego.

A citada Orde de convocatoria establece que a solicitude deberá acompañarse, entre outra documentación, dunha Memoria-Proxecto que desenvolverá o axente de emprego e desenvolvemento local nos termos establecidos no artigo 7º.1b).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a prórroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL) polo período dun ano.
2. Aprobar o proxecto para o que se solicita a subvención.
3. Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención de 5.806,98 euros para un gasto total de 23.227,92 euros para a prórroga de dita contratación.
4. Dispór da financiación para costear a parte non subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria por importe de 17.420,94 euros.
5. O cálculo da subvención que se solicita está fixado en función das táboas salariais dos laborais temporais recollidas no presuposto xeral municipal para o ano 2017, aprobado no Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 14 de febreiro de 2017 mais o incremento salarial aprobado polo goberno na lei de presupostos do estado do ano 2017, e conforme este, o salario que se aboarí a traballadora é, importe mensual, o da seguinte táboa:

Apelidos e nome AEDL	Titulación académica	Salario bruto mensual	G.C	CNA ocupación	Cotización Empresarial á SS.	Total salario+S.S mensual	Custo bruto anual	Subv. solicitada
Ferreiro Sanín, Mª Cruz	Psicología Clínica	1.465,30 €	1	A	470,36 €	1.935,66 €	23.227,92€	5.806,98 €

6. Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

6.Aprobación organización e bases “VI Ruta das Tapas Boqueixón 2017”

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases do réxime local establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal. Por outra parte, o artigo 25.2 m) da mesma norma outorga competencias ós concellos en materia de cultura e de ocupación do tempo libre.

O Concello de Boqueixón leva a cabo diversas accións de potenciación do tecido empresarial, e en concreto, a actividade da “Ruta de Tapas de Boqueixón” é un proxecto de promoción do sector hostaleiro de municipio, unha acción cun obxectivo de desenvolvemento local e de impulso ó turismo gastronómico. Tendo constancia do éxito de participantes acadado na anterior edición desta actividade,

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a organización do “VI Ruta de Tapas de Boqueixón 2017” nos seguintes termos:

*Calendario da ruta: 24-25-26 de novembro e 1-2-3 de decembro 2017.

*Horario: 12:00h.- 15:00h. e de 20:00h.- 22:30h.

*O prezo que os hostaleiros participantes fixan para o cobro de cada tapa que entra no concurso: 1,50 €

*Os hostaleiros que queiran participar na ruta deben cubrir e asinar a ficha de inscrición no programa no Dpto. de Emprego e Formación na casa do concello.

2.- Aprobar as bases do concurso da “Mellor Tapa de Boqueixón 2017” coas seguintes normas:

a) No “Concurso á Mellor Tapa de Boqueixón” concursan os establecementos hostaleiros de Boqueixón que presentarán as súas tapas habendo un xurado popular, formado polos clientes que degusten as tapas, os que votarán e elixirán á “Mellor Tapa de Boqueixón”.

b) Cada establecemento hostaleiro poderá presentar 3 tapas como máximo ó concurso no calendario e horario establecido.

b) O material publicitario e informativo inclúe carteis publicitarios da ruta e folletos de participación para a votación á mellor tapa.

c) O Concello de Boqueixón e os establecementos darán visibilidade ó material informativo e publicitario sobre a ruta das tapas, facilitando así ós clientes a participación no concurso e a realización da ruta.

d) Os folletos repartidos por todos os establecementos hostaleiros inclúen un apartado para datos persoais dos clientes participantes e outro apartado para os selos dos establecementos e para a votación á mellor tapa.

e) A degustación dunha tapa da dereito a un selo do establecemento no que se degustou. Se o establecemento participa con máis dunha tapa no concurso, a degustación dunha das tapas da dereito ó selo, non é preciso selar por cada unha das tapas que ofrece.

f) Unha vez cuberto todo o folleto con todos os selos dos establecementos participantes, o cliente indicará no mesmo folleto, cal é a tapa gañadora no espazo indicado para este fin. É imprescindible que o cliente cubra tamén, os seus datos persoais e sinatura no mesmo folleto para darlle validez.

g) Cada hostaleiro disporá no seu establecemento dunha urna para as votacións dos clientes. As urnas deben estar ubicadas en lugar visible, pechadas e identificadas para o seu fin.

h) Unha vez rematado o calendario da ruta, reuniranse todas as urnas e sacaranse os folletos de participación. Os técnicos do concello revisarán o bo estado e veracidade dos mesmos, posto que se algún folleto está mal cuberto, incompleto, roto, hai cuños falsos ou con riscaduras, etc retirarase do concurso.

i) Entre todos os folletos válidos contarase os votos e a tapa máis votada será a gañadora: “1ª clasificada como Mellor Tapa de Boqueixón 2017”. A segunda tapa máis votada quedará como “2ª clasificada no Concurso da Mellor Tapa de Boqueixón 2017” e a terceira tapa máis votada quedará como “3ª clasificada no Concurso da Mellor Tapa de Boqueixón 2017”. Os establecementos gañadores conseguirán difusión dos locais mediante notas de prensa, promoción na páx. web e o diploma de recoñecemento.

j) Por outra banda, os folletos válidos dos clientes serán clasificados e introducidos nunha urna para realizarse unha serie de sorteos:

* Tarxetóns cubertos cun mínimo de 9 selos dos establecementos:

- Sorteo de 5 botellas Magnum cortesía da Bodega Pazo do Mar.

- Sorteo 4 estuches de Bodegas Lodeiros

- 2 sorteos de 50€ cada un en efectivo aportación dos hostaleiros de Boqueixón.

* Tarxetóns cubertos totalmente cos 11 selos dos establecementos.

- Sorteio de 100€ en efectivo aportación dos hosteleros de Boqueixón.
- Sorteio dun premio que consiste nunha comida ou cea, por importe máximo de 120€, a escoller entre os locais hostaleiros de Boqueixón participantes na ruta. Este premio é aportación asumida polo Concello de Boqueixón.

k) Os titulares dos establecementos inscritos participarán no “Concurso da Mellor Tapa de Boqueixón 2017” pero non poderán participar neste sorteio que está dirixido a clientes.

3.- O Concello de Boqueixón realizará as seguintes aportacións:

- Colaboración na organización.
- Difusión da campaña (páx. web, notas de prensa, radio, presentación oficial para prensa, material divulgativo e de participación).
- Financiación da cartelería e trípticos de participación.
- Premio dunha comida ou cea, valorado por importe de 120€, a escoller entre os locais de Boqueixón participantes na ruta.

4.- Os establecementos hostaleiros participantes realizarán as seguintes aportacións:

- Colaboración coa organización e no bo desenvolvemento da actividade.
- Aportación de premios para sorteos entre os clientes.
- Difusión nos seus locais do material divulgativo e de participación.
- Urnas para as votacións.

5.- Dispór da asignación orzamentaria para facer fronte á aportación municipal.

6.- Publicar ditas bases no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do concello.

7. Solicitude axuda para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) Ano 2017

Con data do 8 de setembro de 2017 publicouse no DOG. Núm. 171, a Orde do 29 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017 (Consellería de Economía, Emprego e Industria).

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas e subvencións que están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais no medio rural a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social (TR351G), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

O artigo 12, apartado 3. b) da citada Orde di: “Todos os concellos solicitantes recibirán polo menos unha contratación e en ningún caso superarán as cinco”.

A Orde establece no artigo 5, as contías máximas de subvención que percibirán cada entidade beneficiaria para os efectos salariais incluíndo a cotización empresarial á seguridade social, por cada persoa traballadora desempregada contratada segundo o grupo

de cotización. Non se considera custos salariais subvencionables o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1 c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e complementos extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

A duración dos contratos das persoas desempregadas que desenvolvan a prestación dos servizos será de 9 meses e a xornada a tempo completo, segundo o artigo 4º da Orde.

O prazo de presentación de solicitudes é dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da presente Orde no DOG.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a solicitude e a memoria do servizo do Mantemento de espazos públicos: 5 peóns de obras públicas.

2 Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación de traballadores desempregados para a realización do mencionado servizo, por un importe de 56.250 euros.

3 Dispór de asignación orzamentaria suficiente para facer fronte ás partidas orzamentarias non financiadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a realización dos servizos anteriormente descritos.

4 En relación ao cálculo da subvención da obra/servizo polo que se solicita a subvención: Que o convenio colectivo das condicións de traballo do persoal laboral do concello de Boqueixón publicado no DOG. Núm. 42, de 2 de marzo de 2005 non se aplica a estos traballadores/as desempregados/as que se van contratar para a execución da obra/servizo, aplicándose as táboas salariais recollidas no presuposto xeral municipal para o ano 2017, que foi aprobado no Pleno da corporación na sesión extraordinaria que tivo lugar o 14 de febreiro de 2017. No expediente do presuposto inclúese as táboas salariais,

Nº TRAB	G-C	OCUPACIÓN	CNAE (4 díxitos) Ocupación (letra)	CUSTOS UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO	% COTA PATRONAL A S.S.	COTA PATRONAL Á S.S.	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
5	10	Peóns de obras públicas	D	1.199,15€	37,80	453,28 €	1.652,43 €	9	100	74.359,35€
TOTAL										74.359,35€

Tal e como establece o artigo 5º.1 o importe máximo subvencionable para un grupo de cotización 10 é de 11.250 euros por cada persoa contratada polo que o importe máximo subvencionable para estes 5 traballadores é de 56.250 euros.

5 Coñecer e aceptar as bases reguladoras recollidas na convocatoria.

6 Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó departamento de contratación de persoal e ó departamento de Secretaría-Intervención.

8. Concesión axuda económica á APA O Forte

O día 21 de setembro de 2017, dona Yolanda xxxxx como presidenta e representante da A.P.A. O Forte do CPI Antonio Orza Couto, presentan un escrito no rexistro municipal co núm. 2133 no que solicita unha axuda económica para facer fronte ós custos que supón a organización, planificación e execución de tódalas actividades que ó longo do curso escolar 2017/2018 se van a desenvolver.

No orzamento do ano 2017, está consignada unha axuda económica destinada á A.P.A por importe de 2.500,00 euros, polo tanto, e tendo en conta a baixa contía económica que se vai conceder, para a súa adxudicación directa, a Xunta de Goberno acorda:

1 Conceder á A.P.A O Forte do CPI Antonio Orza Couto, unha axuda económica de 2.500,00 euros para facer fronte ós custos que supón a organización, planificación e execución de tódalas actividades que ó longo do curso escolar 2017/2018 se van a desenvolver

2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle feito o pagamento correspondente.

3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 320.480.00 do orzamento do ano 2017

9.Aprobación da certificación número 1 e final do proxecto Rúa Hixinio Ansemil de Avda. Pico Sacro á travesía Milleirós e outra.

Con data 23 de agosto de 2017, asinouse o contrato coa empresa Martínez Montes e Hijos, SL para a realización da obra Rua Hixinio Ansemil de Avda. Pico Sacro á travesía Milleirós e outra por importe de 41.382,00 euros, que serán aboados previa aprobación da correspondente certificación de obras.

Con data 22 de setembro a empresa adxudicataria presenta a certificación núm. 1 e final da obra. Polo que é preciso aprobar o seu pagamento para posteriormente enviar a xustificación da axuda á Dirección Xeral de Administración Local

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a certificación núm. 1 e final do proxecto Rua Hixinio Ansemil de Avda. Pico Sacro á travesía Milleirós e outra por importe de 41.382,00 euros, así como a factura con rexistro contable 2017/1695 polo mesmo importe.

3 Dar orde a Tesouraría de que efectúe o pagamento da certificación da obra á empresa adxudicataria.

10.Devolución de aval

Con data 21 de abril do ano 2015, a empresa Atendo Calidade, SL asina un contrato con este concello para a prestación do servizo de axuda no fogar. O contrato tiña unha duración de 1 ano, podendo prorrogarse por outro máis. Como garantía do cumprimento deste, a

empresa entregou na Tesourería municipal un aval por importe de 10.488,52 euros. O contrato finalizou o día 21 de abril de 2017 e a empresa, ata a nova adxudicación do contrato, segue prestando o servizo.

Tendo adxudicado o novo contrato, e non constando a existencia de vicios ou defectos derivados do contrato asinado o 21 de abril de 2015 coa empresa Atendo Calidade S.L.

Tendo en conta o sinalado no art. 307 da LCSP, a Xunta de Goberno acorda:

-Devolver á empresa Atendo Calidade, SL o aval por importe de 10.488,52 euros presentado como garantía do contrato de servizo de axuda no fogar asinado con data 21 de abril de 2015 e finalizado con data 21 de abril de 2017.

-Comunicar este acordo á dita empresa

11.Prórroga contrato do mantemento de alumado público

Con data 3 de decembro de 2012, asinouse o contrato do servizo de conservación, reparación e mantemento do alumado público de Boqueixón coa empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL por período de 4 anos, sendo posible a posibilidade de 2 anos máis de prórrogas.

Con data 4 de setembro de 2017 (rexistro 1903), a empresa solicita por escrito, cumprindo co estipulado nos pregos de condicións que rexeron a contratación, a prórroga do contrato por período de dous anos.

A prestación do servizo por parte da empresa é óptima e polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1 Prorrogar o contrato do servizo de conservación, reparación e mantemento do alumado público de Boqueixón asinado coa empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL por 1 ano máis, ata o 3 de decembro de 2018, data na que se remata definitivamente o contrato ata unha nova licitación.

2 Comunicar este acordo á empresa adxudicataria

12.Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 40.979,78 euros e serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2017:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Gasóleos S. Benito,SL – Combustibles e outros para os vehículos municipais	920.22103	694,48
2	Rocío Couto Tejo – Recibín desprazamento e manutención do programa de voluntariado - actividade ocioteca Camporrapado	334.22699	114,00
3	Liquidación de gastos de Teresa Castro Blanco por asistencia a xornada formación administración electrónica	920.231.00	17,30
4	Carlos Regueiro Cutrín – Insecticida para avespas velutinas	414.22199	38,50
5	Angela Munín Alvarez – Recibín desprazamento e manutención do programa voluntariado – actividade ocioteca Camporrapado	334.22699	174,00

6	Tórculo Comunicación Gráfica,SA –Información turística en 10.000 exemplares da edición bilingüe da Revista Turística 20xvinte	920.22602	605,00
7	Suministro integral de agua, SL – Tubaxe para ampliación obra fora do proxecto de Hixinio Ansemil	1532.600.01	596,77
8	Consortio Galego – Achega económica do servizo de xantar na casa correspondente ó 2º trimestre do ano 2017	231.22799	1.020,37
9	Martínez Montes e Hijos, SL – Entubado e asfaltado da ampliación da obra fora do proxecto da rúa Hixinio Ansemil	1532.600.01	3.179,88
10	Liquidación de gastos de Adela Lamela Arteaga – Asistencia a curso formación notifica.gal – plataforma electrónica	920.23100	46,70
11	Ulla Oil, SL – Gasóleo A para depósitos municipais	1532.22103	3.050,00
12	Sogama – Tratamento RSU mes de agosto	1621.22103	9.094,59
13	Cogami, SL – Recollida residuos papel e cartón mes de agosto	162.3.21200	395,21
14	Cogami,SL – Aluguer caixa en Punto Limpo para recollida de pneumáticos	162.3.21200	78,07
15	Autocares Rias Baixas, SL – Aluguer autobús transporte aeroporto- Quian dos participantes do intercambio de Ibiza	334.22699	175,00
16	Compostelana de Gas 2011, SL – Cargas de gas para pavillón do Forte e campo de fútbol	342.22102	273,75
17	Almacenes Redondo – Subministrados para saneamento en Loureiro	160.21200	282,90
18	Almacenes Redondo – Subministrados materiais para obras varias	342.21200 161.21200 160.21200	229,28
19	Almacenes Redondo – Subministro para saneamento en Pousada	160.21200	253,46
20	Liquidación de gastos de Ana Anta – gastos desprazamento do mes de xullo a setembro por visitas domiciliarias	231.231.00	44,65
		Total	20.363,91

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2017

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
21	Vodafone – Servizo mensared do 15/08/17 ó 14/09/17	920.22200	14,54
22	Telefónica de España- Consumo teléfono mes de agosto da escola infantil municipal - 981502190	920.22200	59,94
23	Telefónica de España- Consumo teléfono mes de agosto da alarma - 981513189	920.22200	45,16
24	Seguros Bilbao – Prima seguro participantes programa Deseñando o teu futuro	241.22699	53,74
		Importe	173,38

A continuación reflíctense as facturas emitidas por Gas Natural Servizos SDG, SA pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 11.434,59 euros. Impútanse á partida 165.22100 do orzamento do ano 2017.

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar suministro</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Data facturación</i>
FE17137015292322	ES0022000007253334QH1P	17,29	Lg. Igrexa (A), Forte 9000 A.Púb.	07/08/2017	18/07/17 a 28/07/17
FE17137015850958	ES0022000007373071RV1P	105,73	Lg. Caneda, 9995 A.Público.	15/08/2017	28/06/17 a 07/08/17
FE17137017000877	ES0022000007164780FZ1P	421,37	Lg. Forte, 9033 Ctsalud	31/08/2017	28/06/17 a 28/08/17
FE17137015258800	ES0022000007373065RB1P	100,65	Lg. Vilaboa, 9998 - A.Público	06/08/2017	29/06/17 a 28/07/17
FE17137015884376	ES0022000007249633QC1P	185,29	Lg. Xiadás, 9910 A.Público	15/08/2017	25/06/17 a 27/07/17
FE17137015184529	ES0022000007320582LZ1P	98,84	Lg. Torre, 9000 A.Público	06/08/2017	29/06/17 a 28/07/17
FE17137015249067	ES0022000007249642VY1P	23,90	Lg. Quián, 9912 A.Público2	06/08/2017	24/06/17 a 21/07/17
FE17137015149244	ES0022000008622400VD1P	222,91	Lg. Rodiño Pequeño, 9700 A.Púb.	06/08/2017	30/06/17 a 29/07/17

FE17137016897915	ES0022000004357629HJ1P	23,62	Lg. Ardaris, 0010IG	30/08/2017	22/06/17 a 24/08/17
FE17137015232262	ES0022000007021268TE1P	370,99	Lg. Gándara, 9700 A.Público	06/08/2017	29/06/17 a 28/07/17
FE17137015236805	ES0022000007320549HG1P	211,36	Lg. Deseiro de Arriba, 9002 A.Púb.	06/08/2017	29/06/17 a 28/07/17
FE17137015065450	ES0022000008964525BD1P	25,12	Lg. Aldea de Orto, 9700-Boqueixón	06/08/2017	29/06/17 a 28/07/17
FE17137016778141	ES0022000008177365BR1P	38,95	Lg. Deseiro de Arriba,9130 A.Púb.	27/08/2017	22/07/17 a 24/08/17
FE17137015293255	ES0022000007249659HT1P	11,82	Lg. Carabán, 9914 - A.Púb.	07/08/2017	18/07/17 a 28/07/17
FE17137017035769	ES0022000007320551HY1P	32,08	Lg. Rodiño Grande, 9001 A.Púb.	31/08/2017	25/07/17 a 24/08/17
FE17137015298051	ES0022000007661637JW1P	655,36	Lg. Forte, 9032 A.Público	08/08/2017	29/06/17 a 31/07/17
FE17137015089581	ES0022000007021150HL1P	252,08	Lg. Ramil, 9704 - A.Público	06/08/2017	15/06/17 a 28/07/17
FE17137016727190	ES0022000007455154MJ1P	90,33	Lg. Milleirós, 5100 ALPUB3	27/08/2017	21/07/17 a 23/08/17
FE17137015157324	ES0022000007661745VH1P	39,11	Lg. Gándara, 9701 A.Púb.	06/08/2017	30/06/17 a 28/07/17
FE17137015157800	ES0022000007662959RJ1P	59,06	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Público	06/08/2017	29/06/17 a 31/07/17
FE17137015289224	ES0022000007662958RN1P	32,02	Lg. Carabán, 9915 - A.Púb.	07/08/2017	18/07/17 a 28/07/17
FE17137016846975	ES0022000007249642VY1P	22,25	Lg. Quián, 9912 A.Público2	27/08/2017	22/07/17 a 24/08/17
FE17137016900454	ES0022000004313109ZK1P	18,83	Lg. Igrexa (A), 9002 A.Público	30/08/2017	04/08/17 a 27/08/17
FE17137015166391	ES0022000007320555HX1P	26,23	Lg. Vilar, 9003 A.Público	06/08/2017	29/06/17 a 28/07/17
FE17137017029939	ES0022000007249650VZ1P	43,04	Lg. Melón, 9913 A.Público	31/08/2017	26/07/17 a 24/08/17
FE17137015175425	ES0022000007320546HR1P	183,48	Lg. Lamas, 9001 A.Público	06/08/2017	30/06/17 a 29/07/17
FE17137015438957	ES0022000007561243HA1P	113,97	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	10/08/2017	29/06/17 a 21/07/17
FE17137015074670	ES0022000007455163ME1P	175,46	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	06/08/2017	29/06/17 a 28/07/17
FE17137015089091	ES0022000007561259HL1P	15,57	Lg. Picota, 0925 A.Público	06/08/2017	28/06/17 a 26/07/17
FE17137015099397	ES0022000008876495WT1P	61,84	Lg. Vilar, 0005 A.Público	06/08/2017	29/06/17 a 28/07/17
FE17137015148710	ES0022000007320548HA1P	100,89	Lg. Lamas, 6002 A.Público	06/08/2017	24/06/17 a 21/07/17
FE17137015213480	ES0022000007320543VK1P	122,19	Lg. Vigo, 9000 A.Público	06/08/2017	29/06/17 a 28/07/17
FE17137015639969	ES0022000007274911BK1P	68,52	Lg. Igrexa (A), 9999 PALCO	13/08/2017	28/06/17 a 03/08/17
FE17137015591906	ES0022000008964524BP1P	10,89	Lg. Moa, 9001 - LOCAL	13/08/2017	01/07/17 a 31/07/17
FE17137017035813	ES0022000007854283VT1P	56,39	Lg. Lamas, 9004 LOCALS	31/08/2017	25/07/17 a 24/08/17
FE17137017065762	ES0022000008096879FS1P	23,46	Lg. Gastrar, 8010, AREA	31/08/2017	28/06/17 a 28/08/17
FE17137015598836	ES0022000007320580LN1P	242,54	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	13/08/2017	01/07/17 a 31/07/17
FE17137016769536	ES0022000004975491HA1P	154,96	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	27/08/2017	24/07/17 a 23/08/17
FE17137017047696	ES0022000004312931FG1P	41,75	Lg. Lamas, 8004CC	31/08/2017	25/07/17 a 24/08/17
FE17137015644631	ES0022000009091003JX1P	17,97	Lg. Deseiro de Arriba (Punto Limpo)	13/08/2017	01/07/17 a 31/07/17
FE17137015615273	ES0022000007251856KN1P	239,96	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	13/08/2017	01/07/17 a 31/07/17
FE17137015620404	ES0022000007249674HS1P	107,82	Lg. Orto, 9916 A.Público -	13/08/2017	23/06/17 a 03/08/17
FE17137015887609	ES0022000007249640VG1P	129,28	Lg. Quián, 9911 A.Público1	15/08/2017	24/06/17 a 07/08/17
FE17137015624743	ES0022000007249794TC1P	197,44	Lg. Igrexa (A), 9927 A.Público	13/08/2017	28/06/17 a 03/08/17
FE17137016061954	ES0022000007164018CB1P	584,51	Lg. Forte, 9030 A.Público	17/08/2017	04/07/17 a 02/08/17

FE17137015290273	ES0022000007107334QE1P	50,01	Lg. Rubio, 9796 A. Público	07/08/2017	18/07/17 a 28/07/17
FE17137016755399	ES0022000007021266TC1P	57,35	Lg. Troitomis, 9698 A. Público	27/08/2017	21/07/17 a 24/08/17
FE17137016968384	ES0022000007376881YD1P	30,09	Lg. Moa, 9001 A. Público	31/08/2017	26/07/17 a 24/08/17
FE17137017071833	ES0022000007107339VG1P	33,38	Lg. Noenlle, 9794 A. Público2	31/08/2017	25/07/17 a 24/08/17
FE17137016762160	ES0022000007021264TH1P	115,52	Lg. Mareque, 9701 A. Público	27/08/2017	22/07/17 a 24/08/17
FE17137015144284	ES0022000008895802JX1P	21,78	Bombeo de Noenlle 9010	06/08/2017	29/06/17 a 28/07/17
FE17137015445581	ES0022000007566337DZ1P	123,55	Lg. Casal, 9109 - A. Público	10/08/2017	29/06/17 a 28/07/17
FE17137015591595	ES0022000004975490HW1P	11,05	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	13/08/2017	01/07/17 a 31/07/17
FE17137015607523	ES0022000008622407VQ1P	115,39	Lg. Lestedo, 9001 A. Público	13/08/2017	01/07/17 a 31/07/17
FE17137016892648	ES0022000007021148HV1P	294,36	Lg. Lestedo, 9707 A. Público1	30/08/2017	24/06/17 a 28/08/17
FE17137015640103	ES0022000004313109ZK1P	50,44	Lg. Igrexa (A), 9002 A. Público	13/08/2017	28/06/17 a 03/08/17
FE17137017093376	ES0022000007249757EY1P	66,21	Lg. Agra, 9922 A. Público	31/08/2017	26/07/17 a 24/08/17
FE17137017022848	ES0022000004357716EP1P	21,77	Lg. Vilar, 0001	31/08/2017	26/07/17 a 24/08/17
FE17137015836610	ES0022000007249688LY1P	172,78	Lg. Outeiro, 9918 ALPU01	15/08/2017	28/06/17 a 07/08/17
FE17137015854648	ES0022000007021265TL1P	157,64	Lg. Cachosenande, 9699 A. Púb.	15/08/2017	23/06/17 a 08/08/17
FE17137015862644	ES0022000007107338VA1P	178,74	Lg. Noenlle, 9795 A. Público1	15/08/2017	24/06/17 a 07/08/17
FE17137015887595	ES0022000007986447JY1P	223,73	Lg. Cachosenande, 9910.	15/08/2017	23/06/17 a 08/08/17
FE17137016008538	ES0022000007320554HD1P	176,97	Lg. Ardaris, 9000 A. Público	16/08/2017	22/06/17 a 08/08/17
FE17137017014058	ES0022000007021144HJ1P	104,37	Lg. Rodiño Pequeño, 9709 A. Púb.	31/08/2017	25/07/17 a 24/08/17
FE17137015230701	ES0022000007249769EH1P	114,88	Lg. Vilar, 9924 A. Público	06/08/2017	29/06/17 a 28/07/17
FE17137015159360	ES0022000007021267TK1P	208,47	Lg. Rubial, 9697 - A. Público	06/08/2017	29/06/17 a 26/07/17
FE17137016829052	ES0022000007249693LB1P	25,98	Lg. Ardilleiro Grande, 9919 - A. Púb.	27/08/2017	18/07/17 a 23/08/17
FE17137016692261	ES0022000007372754XE1P	92,90	Lg. Ardilleiro Grande, 9920 - A. Púb.	27/08/2017	18/07/17 a 23/08/17
FE17137016899046	ES0022000007021268TE1P	125,20	Lg. Gándara, 9700 A. Público	30/08/2017	29/07/17 a 22/08/17
FE17137016894557	ES0022000008178372PL1P	95,67	Lg. Deseiro de Arriba, 9600 A. Púb.	30/08/2017	24/06/17 a 22/08/17
FE17137016985864	ES0022000008876495WT1P	16,01	Lg. Vilar, 0005 A. Público	31/08/2017	29/07/17 a 22/08/17
FE17137017008041	ES0022000007019824FG1P	48,75	Lg. Igrexa (A), 0001 A. Público	31/08/2017	28/06/17 a 28/08/17
FE17137017002552	ES0022000007249751ET1P	3,01	Lg. Gastrar, 9921 A. Público	31/08/2017	26/07/17 a 24/08/17
FE17137017048791	ES0022000007320578LX1P	130,83	Lg. Forte, 9000 POLIDE	31/08/2017	28/06/17 a 28/08/17
FE17137017041698	ES0022000007251852KP1P	94,28	Lg. Loureda, 8889 A. Público	31/08/2017	25/07/17 a 24/08/17
FE17137017061799	ES0022000007274859DS1P	31,10	Lg. Santabaia, 9999 LOSOCI	31/08/2017	26/07/17 a 24/08/17
FE17137017068825	ES0022000004357736TM1P	11,70	Lg. Vilar, 0154ER	31/08/2017	26/07/17 a 24/08/17
FE17137017093420	ES0022000008178424BW1P	43,68	Lg. Pumares, 9010 A. Púb.	31/08/2017	25/07/17 a 24/08/17
FE17137017079594	ES0022000008386073TF1P	207,15	Lg. Forte, 0011DU, PCIVIL	31/08/2017	28/06/17 a 28/08/17
FE17137015175253	ES0022000007021143HN1P	214,82	Lg. O Burgo, 9710 Lamas A. Público	06/08/2017	29/06/17 a 28/07/17
FE17137015594218	ES0022000004975486VK1P	221,04	Lg. Vilar, 9700 A. Público	13/08/2017	01/07/17 a 31/07/17
FE17137015997268	ES0022000007249776TW1P	296,07	Lg. Vilar, 9926 A. Público	16/08/2017	23/06/17 a 08/08/17

FE17137015643706	ES0022000007320544VE1P	50,88	Lg. Senande, 9000 A.Público	13/08/2017	01/07/17 a 22/07/17
FE17137016731779	ES0022000007320556HB1P	84,45	Lg. Milleirós, 9087 A.Público	27/08/2017	21/07/17 a 23/08/17
FE17137016788094	ES0022000007249760ED1P	59,51	Lg. Reboredo, 9923 A. Púb.	27/08/2017	18/07/17 a 23/08/17
FE17137017003262	ES0022000007253151PL1P	86,25	Lg. Deseiro de Arriba, 9000 A.Púb.	31/08/2017	25/07/17 a 24/08/17
FE17137017054008	ES0022000007776341DM1P	60,42	Lg. Moa, 9002 A.Público	31/08/2017	26/07/17 a 24/08/17
FE17137016978902	ES0022000007561259HL1P	14,00	Lg. Picota, 0925 A.Público	31/08/2017	27/07/17 a 27/08/17
FE17137016979227	ES0022000008942577TA1P	188,48	Lg. Vilar, 0001 A.P Poste	31/08/2017	26/07/17 a 24/08/17
FE17137017029051	ES0022000007021147HQ1P	133,45	Lg. Pumares, 9707 A.Público2	31/08/2017	24/06/17 a 28/08/17
FE17137017041739	ES0022000007251849KM1P	31,46	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Púb.	31/08/2017	26/07/17 a 24/08/17
FE17137015983138	ES0022000007559623QQ1P	252,37	Lg. Vilar, 9705 A.Público	16/08/2017	23/06/17 a 08/08/17
FE17137016761503	ES0022000007320548HA1P	109,75	Lg. Lamas, 6002 A.Público	27/08/2017	22/07/17 a 24/08/17
FE17137016762699	ES0022000007372764BD1P	142,74	Lg. Ardilleiro Pequeno,9921 A.Púb.	27/08/2017	18/07/17 a 23/08/17
FE17137016975692	ES0022000009030714ZG1P	139,30	Lg. Rodiño Grande, 9998 A.Púb.	31/08/2017	25/07/17 a 24/08/17
FE17137017048781	ES0022000007249678HL1P	20,56	Lg. Agra, 9917 A. Público2	31/08/2017	26/07/17 a 24/08/17
FE17137017075719	ES0022000007249771EC1P	133,39	Lg. Picota, 9925 A.Público	31/08/2017	26/07/17 a 24/08/17
FE17137015865186	ES0022000007107337VW1P	163,79	Lg. Vilar, 9795 A.Público	15/08/2017	24/06/17 a 07/08/17
	TOTAL	11.434,59			

Aprobación de facturas con cargo a subvencions

Campo de Traballo O Pico Sacro
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
Importe: 10.587,50 euros
Partida: 334.22699

Núm.	Proveedor	Importe
1	Gabriel Alejandro Spoleto Couto – Recibín por desprazamento e manutención actividade campo de traballo	132,00
2	Sonia Otero Paderne – Froitas e verduras servidas no mes de xullo	77,27
3	Rocío Couto Rendo – Actividade lúdico educativa realización campamento xuvenil	1.794,44
4	Grupos viaxes Jelbal, SL – Gastos de cinco billetes de avión a Ibiza	650,00
5	Autocares Rias Baixas, SL – Excursión a Fisterra o día 24 de xullo	385,00
	Total	3.038,71

Convenio Prevención e defensa de incendios
Xunta de Galicia
2 brigadas de 5 operarios cada unha
Importe: 31.869,24 euros
Partida: 170.22799

Núm.	Proveedor	Importe
1	Gasóleos S. Benito, SL – Gasóleo A para vehículos municipais – impútase a cantidade de 1.500,00 euros como gasto das cuadrillas de incendios	3.000,00

Convenio Prevención e defensa de incendios

Xunta de Galicia
 Vehículo motobomba
 Importe: 16.747,50 euros
 Partida: 170.22799

Núm.	Proveedor	Importe
1	Gasóleos S. Benito, SL – Gasóleo A para vehículos municipais – impútase a cantidade de 1.500,00 euros como gasto do vehículo motobomba	3.000,00

Pos Complementario 2016
 Proxecto: Camiño do Cruceiro de Pousada a campo da festa e outros
 Importe: 36.058,06 euros
 Deputación da Coruña
 Partida: 1532.600.00

Núm.	Proveedor	Importe
1	Comercial Sánchez y Torres, SC – Podadora de altura e prolongador para traballos de limpeza de maleza e podas de árbores	719,20
	Total	719,20

RAMSA
 Subvención convenio IV Certame de relatos Xosé Neira Vilas
 Importe: 1.209,80 euros
 Partida: 334.22609

Núm.	Proveedor	Importe
1	Librería Lino – Premios IV certame de relatos Xosé Neira Vilas	749,99

Programación Cultural no camiño
 Xunta de Galicia
 Importe: 1.500 euros
 Partida: 334.22609

Núm.	Proveedor	Importe
1	Luis Enrique Correa Piñeiro – Actuación dos Carunchos no campo do río de Ponteledesma o día 8 de setembro	1.500,00

13.Baixa no programa de alimentos derivado do convenio coa fundación “Amigos de Galicia”

Acórdase unha baixa no programa de alimentos derivado do convenio coa fundación “Amigos de Galicia”

14.Aprobación certificación nº 1 e final do proxecto “aforro enerxético e sistema control ETAP Pontillón e outros”

Con data 20 de setembro do 2017, asinouse o contrato coa empresa CLECE SA para a realización da obra “Aforro enerxético e sistema de control ETAP Pontillón e outros” por importe de 65.479,45 euros, que serán aboados previa aprobación da correspondente certificación de obras.

Con data 3 de outubro a empresa adxudicataria presenta a certificación núm. 1 e final da obra. Polo que é preciso aprobar o seu pagamento para posteriormente enviar a xustificación da axuda á Dirección Xeral de Administración Local

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a certificación núm. 1 e final do proxecto “Aforro enerxético e sistema de control ETAP Pontillón e outros” por importe de 65.479,45 euros, así como a factura con nº 0677800000117F polo mesmo importe.

2 Descontar da certificación de obra o importe de 2.699,05 euros correspondente ós honorarios de coordinación de seguridade e saúde (1% de execución por contrato) e de dirección de obras (3% da execución por contrato).

O importe será aboado ó Estudio Técnico Gallego que foi e que levou a cabo os traballos de dirección e coordinación das obras.

3 Dar orde á Tesouraría de que efectúe o pagamento correspondente á empresa adxudicataria.

15.Licenzas urbanísticas

Licenza municipal para a ampliación e mellora de estabulación existente de gando vacún leiteiro, consistente na ampliación de fosas de purín”. Expte : 2017/1198 .

Antecedentes:

Con data do 8 de xuño de 2017, con rexistro de entrada 2017/1198, por FINCA TARREO, S.L., con CIF núm. xxxxx, preséntase un proxecto técnico de “*ampliación e mellora de estabulación existente de gando vacún leiteiro, consistente na ampliación de fosas de purín*”, sita no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar, e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Juan M. Hermida Vázquez, colexiado nº.: 876.

Con data do 24 de maio de 2017, o Director de Augas de Galicia, ditou a Resolución de Outorgar a autorización necesaria para a execución das obras previstas no proxecto. A dita Resolución tivo entrada neste concello con data do 26 de maio de 2017, con rexistro núm. 2017/1079.

Con data do 30 de xuño de 2017, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase o **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

1. *No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos da documentación presentada.*
2. *En cumprimento do artigo 36 da LSG (Lei do Solo de Galicia), deberase obter informe favorable da Consellería de Medio Rural)*

Con data do 6 de xullo de 2017, con rexistro de saída 2017/0642, solicítase a autorización ou informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, en base ao requirimento no informe técnico municipal.

Con data do 31 de xullo de 2017, polo Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural, emítase o informe favorable ao expediente de referencia. O dito informe ten entrada neste concello, con data do 3 de agosto de 2017, con rexistro núm. 2017/1688.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude da licenza municipal de obras*
- *O xustificante do pago das taxas municipais, por importe de 61,62 (12/06/2017)*
- *O proxecto técnico básico e de execución visado (nº: 20170348 do 02/06/2017)*
- *A autorización de Augas de Galicia, de data do 24 de maio de 2017*
- *O informe técnico favorable, de data do 30 de xuño de 2017*
- *O informe favorable da Consellería do Medio Rural, de data do 31 de xullo de 2017*

Con data do 2 de outubro de 2017, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a licenza municipal de obras, a FINCA TARREO, S.L., para as seguintes actuacións:

- “Ampliación e mellora de estabulación existente de gando vacún leiteiro, consistente na ampliación de fosas de purín”.

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.)- Condicións particulares desta licenza:

01. Expte: 2017/1198
02. Promotor do expediente: *FINCA TARREO, S.L.*
03. C.I.F. do promotor: *xxxxx*
04. Clasificación urbanística: *Solo rústico de especial protección agropecuaria*
05. Tipo de Obras: *Ampliación e mellora de estabulación existente de gando vacún leiteiro, consistente na ampliación de fosas de purín*
06. Situación e emprazamento: *Gastrar - Gastrar*
07. Referencia catastral da parcela: *15012A504000440000WE*
08. Superficie parcela do proxecto: *23.639 m² (mínima permitida 2.000 m²)*
09. Ocupación: *27,32 % (máxima permitida 60 %)*
10. Taxa pola solicitude da licenza de obras: *61,62 € (abonada con data do 12/06/2017)*
11. Orzamento de execución material das obras: *36752,36 €*
12. Liquidación do imposto de construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.): *698,29 €*
13. Técnico autor do proxecto: *Juan M. Hermida Vázquez. Enxeñeiro Técnico Agrícola, col nº: 876*
14. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: *6 MESES (desde o día seguinte a notificación desta licenza)*
 - Para terminar as obras: *3 ANOS (desde o día seguinte a notificación desta licenza)*

b.-) Condicións especiais desta licenza:

01. As obras a executar, deberán adaptarse as recollidas no proxecto técnico presentado, con núm. de visado 20170348 de data do 02/06/2017, e que serviu de base para a tramitación deste expediente. Calquera outra actuación que se vaia a realizar, non incluída

nesta documentación técnica, precisará de nova autorización administrativa, ben sexa mediante licenza de obras, ou por comunicación previa, segundo o caso.

02. As condicións **xerais e particulares**, previstas na autorización previa de Augas de Galicia, outorgada con data do 24 de maio de 2017, **son de obrigado cumprimento**.

03. Antes do inicio das obras, achegaranse os oficios de dirección de obra, de dirección de execución, e de coordinación de seguridade e saúde.

04. A nova ampliación de silos e melloras proxectadas, quedarán vinculadas á actividade da explotación a nome de FINCA TARREO, S.L. (con antiga denominación como SAT TARREO); e ás condicións da licenza de actividade definitiva, outorgada con data do 20 de febreiro de 2008.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de 698,29 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación, por importe de **698,29 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta N^o: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo ó interesado

B) Licenza municipal “Mellora de estabulación existente de gando vacún leiteiro, consistente na legalización das obras de ampliación de silos existentes en Gastrar”. Expte : 2017/1197

Antecedentes

Con data de 08/06/2017, con rexistro de entrada 2017/1997, por FINCA TARREO, S.L., con CIF n^o: xxxxx, preséntase o proxecto técnico para a mellora de explotación de gando vacún leiteiro, mediante a legalización da ampliación de dous silos existentes, sitios no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar, e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Juan Hermida Vázquez, colexiado n^o: 876

Con data de 05/04/2017, notifícase a Resolución do director de augas de Galicia, mediante a cal se legalizan as obras executadas, consistentes na ampliación de silos existentes, nas parcelas 41, 42 e 211, do polígono n^o: 504, na zona de policía dun regato afluente do río Sanguineira, no lugar de Gastrar, parroquia de Gastrar, no Termo municipal de Boqueixón.

Con data de 30/06/2017, por Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase o **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

- 1. No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*
- 2. En cumprimento do artigo 36 da LSG, deberase obter informe favorable da consellería do Medio Rural.*
- 3. Para a concesión da licenza deberanse actualizar os datos catastrais correspondentes á finca agrupada na que se localiza a explotación.*

Con data do 06/07/2017, con rexistro de saída 2017/0643, solicítase a autorización ou informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, en base ao requirimento no informe técnico municipal.

Con data do 07/07/2017, con rexistro de saída nº.: 2017/647, ponse en coñecemento do promotor do expediente a solicitude do informe favorable á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural (rexistro de saída 2017/0643), e o requirimento de actualizar os datos catastrais para a agrupación das fincas sobre as que se localiza a explotación agrícola.

Con data do 31/07/2017, polo Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural, emítase o informe favorable ao expediente de referencia. O dito informe ten entrada neste concello, con data do 03/08/2017, con rexistro núm. 2017/1688.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude para a mellora de estabulación existente de gando vacún leiteiro consistentes na **legalización** da ampliación de silos en Gastrar.*
- *O xustificante de pago das taxas municipais, por importe de 61,62 (12/06/2017)*
- *O proxecto técnico da legalización, con visado Nº: 20170318, do 25/05/2017*
- *A notificación da Resolución da legalización de Augas de Galicia, de data do 05/04/2017*
- *O informe técnico municipal favorable, de data do 30/06/2017*
- *O informe favorable da Consellería do Medio Rural, de data do 31/07/2017*
- *Certificación dos datos catastrais actualizados, en base ao informe técnico do 30/06/2017*

Con data do 02/10/2017, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Legalizar as obras executadas na ampliación de silos existentes, para a mellora dunha estabulación existente de gando vacún leiteiro, en base á notificación da Resolución de Legalización de Augas de Galicia (05/04/2017), e aos informes técnicos favorables da Consellería do Medio Rural (31/07/2017), e servizos urbanísticos municipais (30/06/2017).

a.- Condicións particulares desta legalización:

1. Expte: 2017/1197
2. Promotor do expediente: *FINCA TARREO, S.L.*
3. C.I.F. do promotor: *xxxxx*
4. Clasificación urbanística: *Solo rústico de especial protección agropecuaria*
5. Tipo de Legalización: *Obras de ampliación de silos existentes*
6. Situación e emprazamento: *Gastrar - Gastrar*
7. Referencia catastral da parcela: *15012A504000440000WE*
8. Taxa pola solicitude da legalización: *61,62 € (abonada con data do 12/06/2017)*
9. Orzamento de execución material das obras executadas: *17403,76 €*
10. Liquidación do imposto de construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.): *330,67 €*
11. Técnico autor do proxecto: *Juan M. Hermida Vázquez. Enxeñeiro Técnico Agrícola, col nº: 876*

b.-) **Condicións especiais desta legalización:**

1. As obras de ampliación executadas darán debido cumprimento as condicións previstas na Resolución da Legalización outorgada por Augas de Galicia, no expediente con CLAVE DH.W15.29496, notificada con data do 5 de abril de 2017.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de 330,67 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación, por importe de **330,67 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo ó interesado

C) Licenza municipal “construción dun alpendre”. Expte : 2017/0543

Antecedentes

Con data de 23/03/2017, con rexistro de entrada 2017/0543, por D. Luís xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, preséntase o proxecto técnico para a legalización da edificación dun alpendre, sito no lugar do xxxxx, na parroquia de Gastrar, e emprazado na parcela catastral nº.: 15012A503006910000WQ, asinado polo arquitecto, D. Santiago Martín Romarís, Colexiado nº.: 3058.

Con data de 12/09/2017, por Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítense o **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

1.No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a legalización dos traballos expostos na documentación presentada.

2.Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previa á concesión da licenza municipal, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude para a legalización, de data do 23/03/2017 (Rex. nº.: 2017/0543)
- O xustificante de pago das taxas municipais, por importe de 61,62 (23/03/2017)
- O proxecto técnico da legalización, de data de marzo de 2017
- O informe técnico municipal favorable, de data do 12/09/2017

Con data do 02/10/2017, emítense o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Legalizar as obras de edificación dun alpendre, a nome de D. Luís xxxxx, sito no lugar do xxxxx, na parroquia de Lamas, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e coas seguintes condicións:

a).- Condicións desta legalización:

1. Expte: 2017/0543
2. Promotor do expediente: D. LUÍS xxxxx
3. DNI do promotor: xxxxx
4. Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural Tradicional

5. Obras Legalizadas: *Edificación dun Alpendre*
6. Situación e emprazamento: *xxxxx - Lamas*
7. Referencia catastral da parcela: *15012A503006910000WQ*
8. Superficie da parcela: *7788 m²*
9. Superficie construída: *86 m²*
10. Superficie útil: *80 m²*
11. Edificabilidade: *> 18% (máxima permitida 50%)*
12. Ocupación: *> 16% (máxima permitida 50%)*
13. Taxa pola solicitude da tramitación do expediente: *61,62 € (abonada con data do 23/03/2017)*
14. Orzamento de execución material das obras executadas: *3263,76 €*
15. Liquidación do imposto de construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.): *62,01 €*
16. Técnico autor do proxecto: *D. Santiago Martín Romarís, arquitecto, colexiado n.º.: 3058*

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de 62,01 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación, por importe de **62,01 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta N.º: xxxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo ó interesado

16. Altas en abastecemento / saneamento

A) Altas en Abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúense como beneficiarios do servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmovible	Taxa	Importe conexión/ Instalación contador
LUIS xxxxxx – 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx – Lamas - 15881 Boqueixón	54,86 €	549,40 €
JOSÉ ANTONIO xxxxxx Lamas – 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx – Lamas – 15881 Boqueixón	54,86 €	483,98 €
MARÍA DEL xxxxxx – Sergude – 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx – Sergude – 15881 Boqueixón	54,86 €	483,97
MARÍA DEL PILAR xxxxxx– Vilar - Lestedo – 15881 Boqueixón (Coruña)	xxxxx	xxxxx- Vilar – Lestedo - 15881 Boqueixón	54,86 €	24,37
JESÚS xxxxxx – Sergude – 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx – Sergude – 15881 Boqueixón	54,86 €	483,97

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son para vivenda.

A dita taxa de abastecemento correspondente a María del Pilar xxxxxx foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán, S.C.G.” o 28/12/2007, as restantes taxas así

como os ingresos pola conexión á rede de abastecemento de tódolos beneficiarios foron efectuados polos interesados nas arcas municipais. Os ingresos foron realizados con data do 21/08/2017 por parte de Luis xxxxx, con data do 24/08/2017 por José Antonio xxxxx, con data do 4/09/2017 por Jesús xxxxx, con data do 8/09/2017 por M^a del Carmen xxxxx e con data do 5/10/2017 por parte de M^a del Pilar xxxxx, segundo os xustificantes de ingreso que constan no expediente.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

B) Altas en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar as acometidas á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmoible	Taxa
JUAN FÉLIX xxxxx – Milleirós – Lestedo - 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx – Lestedo - 15881 Boqueixón (A Coruña)	54,86 €
MERCEDES xxxxx - Milleirós – Lestedo – 15881 Boqueixón	xxxxx	xxxxx – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

As altas concedidas son para vivenda.

As ditas taxas de saneamento foron efectuadas polos interesados nas arcas municipais. Con data do 31/08/2017 foi realizado o ingreso por parte de Mercedes xxxxx e con data do 21/09/2017 por parte de Juan Félix xxxxx, segundo os xustificantes de ingreso que constan no expediente.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

17. Renovación de autorización de postos de venda ambulante da feira-mercado de Lestedo

Con rexistro de entrada neste concello nº 20170000002201 do día 3 de outubro de 2017 déronse entrada neste concello ás solicitudes de renovación das autorizacións de venda ambulante na feira- mercado de Lestedo dos seguintes vendedores ambulantes:

POSTO	TITULAR AUTORIZADO
17	María Dolores xxxxx
34	José Manuel xxxxx
3	Rosane xxxxx
2	Carlos xxxxx
65	María Soledad xxxxx

Unha vez revisada a documentación de cada unha destas solicitudes e comprobado que se axustan ós requirimentos da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, a Xunta de Goberno, acorda:

1.-Renovar as autorizacións dos/as vendedores/as ambulantes, que a continuación se nomean para realizar a súa actividade na Feira- mercado de Lestedo:

POSTO	TITULAR AUTORIZADO
-------	--------------------

17	María Dolores xxxxx
34	José Manuel xxxxx
3	Rosane xxxxx
2	Carlos xxxxx
65	María Soledad xxxxx

2.- Comunicar este acordo ós feirantes arriba citados.

18.Adquisición parcela número 260 situada no Pico Sacro

Antecedentes

A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o día 16 de febrero de 2017, acordou iniciar o expediente de reposición da legalidade urbanística para a demolición da estrutura de formigón situada nas inmediacións do Pico Sacro (Lestedo), na parcela 261 (en realidade parcela 260), propiedade dos herdeiros de don Ángel xxxxx e dona Carmen xxxxx.

Con data 24 de marzo de 2017 , rexistro número 558, Ángel xxxxx, presenta unha alegación e solicita o arquivo do expediente.

A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 20 de abril de 2017, acorda rexeitar a referida alegación, aprobar o proxecto de derribo da estrutura por importe de 65.809,43 euros IVE incluído e remitilo a Patrimonio para o seu informe.

Con data 14 de xuño de 2017, recíbese no concello a resolución do servizo provincial de Patrimonio Cultural autorizando a demolición. Así mesmo, con data 22 de setembro de 2017, recíbese o informe da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio autorizando a citada demolición.

Tendo en conta o importe da demolición así como a obriga dos propietarios de manter a parcela nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade e a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios. Tendo en conta, así mesmo, a clasificación urbanística do terreo como **solo rústico de especial protección paisaxística**, situado na zona de protección da Capela de San Sebastián cun grao de protección integral e na zona do Castelo do Pico Sacro cun grao de protección II-1 e II-2, o concello ofertou aos propietarios a adquisición da parcela asumindo , neste caso o concello a demolición, sendo aceptada esta oferta polo propietarios.

Con data dous de outubro de 2017, rexistro 2192 recíbese no concello unha declaración de conformidade asinada polo alcalde e propietarias/o na cal aceptan a compraventa da parcela no prezo de doce mil euros (12.000 €), sendo a cargo do concello todos os custos notaríaís e rexistraís.

Fundamento xurídicos.

A lei de contratos do sector público no seu artigo 4 .1 p) establece que están excluídos do ámbito da mesma os contratos de compraventa e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoables, e na disposición adicional segunda, apartado 1 establece que corresponde ao Alcalde a adquisición de bens inmoables cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros.

Os dereitos recoñecidos netos dos capítulos 1,2,3 e 5 da liquidación correspondente ao exercicio 2016, ascende a 1.628.612,70 euros polo que resulta que a adquisición da parcela non excede do citado porcentaxe do 10% polo que é competencia da alcaldía a adquisición da parcela, competencia que foi delegada na Xunta de Goberno.

Á vista de todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Comprar aos herdeiros de don Ángel xxxxx e dona Carmen xxxxx, Ángel xxxxx con DNI xxxxx , Raquel xxxxx con DNI xxxxx e María Noemí xxxxx con DNI xxxxx, a parcela número 260 da zona de concentración parcelaria de Vilanova- Merín, sita no Pico Sacro cunha superficie de unha hectárea e vinte centiáreas. Linda : norte con parcela 259 propiedade de María Elvira xxxxx; Sur con camiño; Leste con camiño e Oeste camiño. Inscrición : finca 21977- Tomo 1524- libro 115- folio 36- alta I. Valoración económica: 12.000,00 euros.

Segundo.- Aboar aos herdeiros anteriormente citados o importe de doce mil euros (12.000,00 €) pola adquisición da referida parcela. Serán a cargo do concello todos os custos notariais e de rexistro desta adquisición.

Terceiro.- Comunicar este acordo aos interesados e á tesourería municipal para o seu aboamento.

19. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
O alcalde